

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

A instauración da Segunda República supón o inicio dunhas reformas en diversos ámbitos, coma as que aparecen reflectidas nos documentos 1, 2 e 3. Á luz dos textos, debes comentar cada unha das cuestións que se citan neles, sen esquecer tratar no seu conxunto a política de reformas atendendo á caracterización xeral desta, ás forzas sociais e políticas que a promoveron e a aquelas que se opuxeron (Doc. 4), e aludindo ás derivacións ou ao desenlace do enfrontamento arredor de tales medidas.

***Proba de Acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 1 de xuño de 2006.**



DOC. 1. A RELACIÓN IGREXA-ESTADO.

No seguinte discurso, Manuel Azaña refírese aos principais problemas que debe afrontar a república e préstalle especial atención á cuestión relixiosa:

A revolución política, é dicir, a expulsión da dinastía e a restauración das liberdades públicas, resolveu un problema específico de importancia capital, quen o dubida!, pero non fixo máis que formular e enunciar aqueloutros problemas que teñen que transformar o Estado e a sociedade españois ata a raíz. Estes problemas, ao meu curto entender, son principalmente tres: o problema das autonomías locais, o problema social na súa forma máis urxente e aguda, que é a reforma da propiedade, e este que chaman problema relixioso, e que é en rigor a implantación do laicismo do Estado con todas as súas inevitables e rigorosas consecuencias. Ningún destes problemas os inventou a República [...].

Refírome a iso que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, fórmuloa eu deste xeito: España deixou de ser católica.

MANUEL AZAÑA, 13 de outubro de 1931

DOC. 2. A REFORMA AGRARIA.

Base 5.ª Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nas seguintes epígrafes:

- 1.º As ofrecidas voluntariamente polos seus donos [...].
- 4.º As terras rústicas de corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, parceiría ou calquera outra forma que non sexa explotación directa [...].
- 5.º As que polas circunstancias da súa adquisición, por non ser explotadas directamente polos adquirentes [...], deba presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.
- 6.º As que constituíron señoríos xurisdiccionais [...].
- 7.º As incultas ou manifestamente mal cultivadas [...]

Lei de Bases da Reforma Agraria, 1932

DOC. 3. O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE CATALUÑA.

Art. 1.º Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español de acordo coa Constitución e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat [...].

Art. 2.º O idioma catalán é, coma o castelán, lingua oficial en Cataluña [...]. Dentro do territorio catalán, os cidadáns, calquera que sexa a súa lingua materna, terán dereito a elixir o idioma oficial que prefiran nas súas relacións cos tribunais, autoridades e funcionarios de todas as clases, tanto da Generalitat coma da República [...].

Art. 11.º Corresponde á Generalitat a lexislación exclusiva en materia civil, salvo o disposto no artigo 15, número 1, da Constitución, e a administrativa que lle estea plenamente atribuída por este Estatuto.

La Gaceta, Madrid, 21 de setembro de 1932

DOC. 4. A OPOSICIÓN DE DEREITAS.

Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente a necesidade dunha inmediata derogación, pola vía que en cada caso proceda, dos preceptos, tanto constitucionais coma legais, inspirados en designios laicos e socializantes [...]; traballarán sen descanso para lograr a cancelación de todas as disposicións que sexan confiscadoras da propiedade e persecutorias das persoas, das asociacións e das crenzas relixiosas [...].

A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representada polo socialismo e os seus subalternos auxiliares, máis ou menos descubertos ou subrepticios, prevaleza ou sequera inflúa predominantemente, como ata agora, na gobernación do Estado, irán vigorosa e enerxicamente encamiñados todos os nosos esforzos.

Manifiesto electoral da candidatura antimarxista por Madrid, outubro de 1932

1. Antecedentes e contextualización

A **instauración da II República** prodúcese, nun contexto internacional marcado pola **crise económica** (crac do 29) e dos **sistemas parlamentarios** liberais (triumfo dos fascismos), como consecuencia da falta de apoios do rei Afonso XIII, quen apoiara á ditadura de Primo de Rivera, e da forza dos sectores republicanos e socialistas, unidos polo Pacto de San Sebastián (1930) a prol da república, que triunfaron nas rexións urbanas nas eleccións municipais de abril de 1931.

2. Desenvolvemento dos contidos propostos

A proclamación da II República o 14 de abril de 1931 supuxo a formación dun **gobierno provisional** no que estaban representados todos os partidos políticos republicanos, fosen de dereita, centro ou esquerda ou autonomistas, como a ORGA, e o partido socialista. O novo goberno republicano, do que quedaran excluídos os monárquicos, os comunistas e os anarquistas, puxo en marcha unha serie de **reformas** en diversos ámbitos.

Neste sentido, de entre as principais medidas que afrontou o goberno republicano-socialista (1931-1933), ás que se refire o presidente do goberno Manuel Azaña no seu discurso do 13 de outubro de 1931 durante o debate constitucional (Doc. 1), cómpre salientar as seguintes:

- A **implantación do laicismo**, que implicaba a separación neta entre a Igrexa e o Estado, que logo sería recollida no texto constitucional baixo a forma «o Estado español non ten relixión oficial», sendo esa unha cuestión que Azaña resumía no antedito discurso co lema «España deixou de ser católica»; así mesmo, o laicismo do Estado supuxo a adopción dunha serie de leis e disposicións relativas ao **matrimonio** e ao **divorcio**, os bens da Igrexa, o **peche dos centros educativos** nas mans de institucións relixiosas..., que chocaron frontalmente coa Igrexa e cos sectores católicos, que atoparon na defensa do catolicismo e do sometemento do Estado á Igrexa un motivo para a o enfrontamento permanente.
- A **reforma agraria**, que tiña por obxectivo principal mellorar as condicións de vida da poboación campesiña do sur peninsular que soportaba situacións de miseria e desemprego, malia que era un dos proxectos emblemáticos do goberno republicano tardou máis dun ano en tomar corpo de lei mediante a Lei de Bases da Reforma Agraria de setembro de 1932. Entre outros aspectos recollidos na Lei de Bases da Reforma Agraria, relativos aos mecanismos de aplicación da lei, ás indemnizacións ou ao orzamento da lei, cómpre salientar, pola súa transcendencia, os recollidos na Base 5ª (Doc. 2), relativos a aquelas terras susceptibles de ser **expropiadas**: as terras non explotadas directamente polos seus propietarios, aquelas que foran compradas con fins especulativos, as manifestamente mal cultivadas... Nese sentido, en tanto que os principais afectados pola reforma eran os **terratenentes**, provocou a súa oposición; pola súa parte, para os **anarquistas** a reforma era demasiado conservadora, polo que tamén provocou o seu rexeitamento.
- A **organización territorial do Estado**, que enlazaba directamente coas aspiracións dos **nacionalismos periféricos**, foi unha das primeiras cuestións ás que se enfrontou a República, sobre todo en tanto que o mesmo día en que se proclamaba a República española en Madrid, Francesc Macià de Esquerra Republicana de Cata-

lunya proclamaba desde o balcón da **Generalitat** de Cataluña a República catalá como estado integrado na federación ibérica. Neste sentido, o novo estado republicano recoñeceu axiña o dereito das nacións periféricas e das rexións á autonomía, que quedou recollido na Constitución, na que se definía a España como un estado integral compatible coa autonomía de concellos e rexións. Daquela, unha vez recoñecido o dereito á autonomía, **Cataluña** foi a primeira comunidade que alcanzou ese dereito mediante a aprobación do **Estatuto de Autonomía de 1932** (Doc. 3), no que, entre outras medidas, se confería á Generalitat a representación de Cataluña, se establecía a cooficialidade do catalán e o castelán ou se lle recoñecían competencias como a de legislar en materia civil. Este proceso foi extensible a outras comunidades, como a do País Vasco ou de Galicia, o que provocou un profundo rexeitamento entre os defensores da «unidade de España», para quen ese proceso era un síntoma da desintegración de España nas mans dos separatistas.

Así mesmo, o goberno republicano-socialista desenvolveu outras reformas relativas á **constitución do exército** co obxectivo de crear un exército moderno e eficaz e sometido ao poder civil; á orde pública, para o que creou un novo corpo armado, a **Garda de Asalto**, á que confiou a seguridade e orde nas cidades; ou ao **dereito á educación**, estreitamente vinculado á cuestión relixiosa, recollido na Constitución republicana xunto con outros **dereitos políticos** (sufrixio universal, asociación, reunión e manifestación...) e **sociais** (protección social...).

Todas estas reformas puidéronse realizar grazas ao apoio que obtiveron entre amplos sectores da poboación, sobre todo entre os grupos menos favorecidos socialmente, precisamente os que máis se beneficiaban do **reformismo republicano**; con todo, desde certos sectores obreiros, ideoloxicamente anarquistas, xurdiu unha oposición ao reformismo republicano, que acusaban de conservador, que se traduciu en graves **conflictos sociais** e alteracións da orde pública que provocaron, en certa medida, a caída do goberno republicano-socialista. Non obstante, a principal **oposición ás reformas** foi a procedente dos grupos sociais máis acomodados (oligarquía industrial e financeira, terratenentes...), que atoparon apoio en boa parte da Igrexa e nun sector importante do exército, que tratou de derrubar a República mediante un **golpe de Estado** en 1932 protagonizado polo xeneral Sanjurjo.

Foron precisamente eses sectores sociais opostos ao reformismo progresista os que, unha vez que optaron pola vía democrática para acceder ás institucións republicanas e, dese xeito, paralizar todas as reformas en curso e mesmo reformar a Constitución «laica e socializante», como recolle o *Manifiesto electoral da candidatura antimarxista* por Madrid de outubro de 1932 (Doc. 4), se uniron nunha coalición electoral de dereitas que triunfou nas eleccións de novembro de 1933, abrindo paso a unha nova fase da república, o **bienio de centro-dereita** (1933-1935). A partir dese momento, non obstante, seguiu o enfrontamento entre os sectores reformistas e progresistas por unha banda e os conservadores e tradicionalistas pola outra, que derivou nunha **insurrección revolucionaria** en outubro de 1934; posteriormente, tras o triunfo electoral da **Fronte Popular**, unha coalición electoral de esquerdas, en febreiro de 1936, retomáronse as reformas que o bienio de centro-dereita paralizara; non obstante, para frear esa nova xeira reformista e progresista, os sectores máis reaccionarios da sociedade promoveron un **golpe de Estado** que rematou nunha **guerra civil** que puxo fin ao lexítimo goberno republicano.